



Guía Docente						
Datos Identificativos				2020/21		
Asignatura (*)	Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa		Código	652G03020		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6		
Idioma	Galego					
Modalidade docente	Híbrida					
Prerrequisitos						
Departamento	Pedagogía e Didáctica					
Coordinación	Rego Agras, Laura	Correo electrónico	laura.rego@udc.es			
Profesorado	Rego Agras, Laura	Correo electrónico	laura.rego@udc.es			
Web	<a href="http://www.educacion.udc.es/">www.educacion.udc.es/</a>					
Descripción xeral	<p>A materia ?Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa? persegue que os futuros profesionais da educación social sexan capaces atender ás diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración nos procesos de desenvolvemento da acción socioeducativa. Oriéntase pois, ao desenvolvemento de capacidades que permitan a utilización daquelas estratexias de comunicación e colaboración que mellor se adecúen a dinamización dos proxectos no marco dos contextos de intervención destes profesionais.</p> <p>Deste modo, os principais núcleos temáticos céñtranse na análise, coñecemento e práctica das estratexias de colaboración, comunicación e de xestión da información para o deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos que se levan a cabo nos diferentes ámbitos da acción socioeducativa.</p>					



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios nos contidos da materia. Non obstante estes poderanxe reagrupar e organizar de forma diferente ao establecido na guía docente.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Sesión maxistral</li><li>- Traballos tutelados (computa na avaliación)</li><li>- Portafolios do alumno/a ou plan de Comunicación (computa na avaliación)</li><li>- Atención personalizada</li></ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Proba mixta. Non se realizará e no seu lugar levarase a cabo unha ?Proba de solución de problemas?.</li><li>- Presentación/divulgación de eventos científicos. Poderá suprimirse (en función das necesidades das persoas invitadas) ou realizarse empregando a aplicación Microsoft Teams no horario establecido para a materia.</li><li>- Presentación oral. Non se realizará e a avaliación destes coñecementos queda incorporada á metodoloxía de Portafolios do alumno/a ou Plan de Comunicación.</li></ul> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Correo electrónico. Diariamente e, no caso de que o volume de correos así o requira, as consultas serán arquivadas e respondidas no horario de titorías da profesora. De uso para fazer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados e do portafolios do alumno/a e plan de comunicación.</li><li>- Moodle: Diariamente, segundo a necesidade do alumando, mais con especial atención ao calendario de aulas da materia aprobado pola Facultade. Nela o alumno/a poderá atopar:<ul style="list-style-type: none"><li>o Repositorio de documentos de lectura (obrigatorios e adicionais).</li><li>o Publicación de indicacións para a realización do Portafolios do alumnado/Plan de Comunicación e a proba de Resolución de problemas.</li><li>o Publicación de cualificacións finais provisionais e definitivas.</li><li>o Poderán existir ?Foros de actividade específica? ou ? Foros temáticos asociados aos módulos? no caso de ser preciso</li></ul></li><li>- Microsoft Teams (En casos de limitacións coa conexión, podrá valorarse coa profesora o emprego de Skype, Zoom, Whereby ou ferramentas análogas). A profesora estará disponible a través de Teams nos horarios oficialmente destinados á materia, tanto para a realización de actividades docentes como de titorías. Tamén se desenvolverán sesións de titoría de acuerdo aos horarios oficiais e, opcionalmente, a petición do alumnado, sesións de revisión de traballos e cualificacións.</li></ul> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As metodoloxías que se terán en conta para a configuración da nota final serán:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Traballos Tutelados (30%). Só serán tidos en conta os realizados polo alumnado ata o momento de suspenderse a actividade presencial ou ser de aplicación este plan de continxencia. No caso de non ter aínda elaborado e entregado ningún destes traballos tutelados, esta porcentaxe da nota pasará ao portafolios do alumno/a, o cal contabilizará o 50% da nota final. Estes traballos serán avaliados tomando en consideración os criterios de avaliación establecidos na guía docente.</li><li>- Portafolios do alumno/a ou Plan de Comunicación (20%). O portafolios do alumno/a ou plan de comunicación será avaliado exclusivamente en relación ao contido do traballo escrito (eliminando a súa exposición na aula). Tomaranse en consideración os criterios de avaliación establecidos na guía docente.</li><li>- Proba de solución de problemas (50%). Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución. Poderá ser realizar un comentario breve sobre un fragmento dun texto seleccionado ou establecer relacións entre os contidos abordados na</li></ul>
----------------------	--



materia de forma fundamentada. Esta proba poderá realizarse de forma individual ou en pequeno grupo en función de se o alumnado cumpriu co 80% da asistencia ata o momento de suspenderse a actividade presencial ou non. Valorarase especialmente o nivel de comprensión e desenvolvemento dos contidos da materia, a capacidade de concreción e síntese, o correcto uso de terminoloxía básica da materia, a capacidade de relación entre os contidos analizados e a organización coherente do discurso. Na mañá da data oficial fixada para a realization do exame da materia publicaranse na Moodle esta proba de solución de problemas. O alumnado disporá até o final dese día para resolver o problema e entregalo pola Moodle a través dunha tarefa que se abrirá para tal fin. O documento debe ser realizado con letra de imprenta entregarase en formato.pdf. No caso de que o alumnado non conte coas condicións necesarias para poder resolver a proba, deberá comunicalo á docente o antes posible para poder realizar os axustes oportunos.

\*Observacións de avaliación:

(Para o alumnado con dedicación completa, alumnado a tempo parcial, requisitos para superar a materia, condicións da avaliación na 2ª oportunidade, etc.)

Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que o cómputo da asistencia, só se realizará respecto das sesión que houbo presenciais ata o momento no que se suspendeu a actividade presencial.

## 1. SITUACIÓN:

Para o alumnado con dedicación completa, a asistencia/participación nas actividades de aula ata o momento de suspensión da actividade presencial será como mínimo do 80%. En caso de cumplir con ese requisito, a cualificación quedará configurada tal como segue:

- Elaboración dos traballos tutelados en pequeno grupo: 25% da nota final.
- Elaboración do portafolios/plan de comunicación en pequeno grupo: 25% da nota final
- Proba de solución de problemas en pequeno grupo: 50% da nota final.

Pola contra, o alumnado que conte co recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do 29/05./2012 e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb) do 28/09/2016, poderá facer un seguimento non presencial da materia empregando a Moodle. Nese caso deberá realizar igualmente tódalas evidencias sinaladas anteriormente ?traballos tutelados; portafolios do alumno/a/ plan de comunicación e proba de solución de problemas?, mais de xeito individual. A distribución porcentual da cualificación será a mesma que para o alumnado asistente. Así mesmo, deberá respectar as datas de entrega propostas para o alumnado asistente en cada un dos traballos tutelados a realizar, facendo así un seguimento continuo da materia. En caso contrario, os traballos figurarán como non presentados, sendo esta mesma a cualificación a obtida na materia.

## 2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Para superar a materia será necesario acadar cando menos, 5 puntos sobre 10 en tódalas partes que componen a avaliación?media dos traballos tutelados; portafolios do alumno/a/ plan de comunicación e proba de solución de problemas?.

Deberase tamén entregar os traballos solicitados na data que se indique e respectando as instrucións de formato proporcionadas pola profesora.

A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios e pautas que a de xuño, tendo en conta que no caso de ter superada algunha das partes obxecto de avaliación na primeira oportunidade, a cualificación obtida na mesma será gardada no caso da segunda oportunidade, sendo só necesario superar as partes que falten.

Ademais, na segunda oportunidade de avaliación a proba de solución de problemas será de carácter individual para todo o alumnado que teña que facer uso dela.

## 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Todos os documentos de uso obligatorio da materia estarán dixitalizados e dispoñibles para a súa descarga en Moodle.

?



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Coñecer as diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración que afectan aos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A10 A20
Desenvolver técnicas, estratexias e dinámicas de comunicación en público dende a perspectiva das habilidades comunicativas e a eficacia da comunicación educativa	A7 A8 A9 A11 A12 A17 A18
Analizar a dixitalización da comunicación e da colaboración no quefacer socioeducativo.	A5 A7 A10 A20
Utilizar diferentes estratexias de comunicación e de xestión da información no desenvolvemento de proxectos socioeducativos.	A5 A7 A10 A12 A20
Comprender, valorar e transmitir de forma crítica a información no contexto da dinamización cultural e a intervención socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20
Aplicar diferentes estratexias de rexistro, interpretación e difusión da información no desenvolvemento da acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20
Asumir un compromiso ético co tratamento das novas formas de comunicación social a favor da intervención e desenvolvemento sociocumunitario.	A5 A7 A10 A20
Coñecer e aplicar as diferentes estratexias de colaboración para a dinamización dos equipos de traballo na acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20
Desenvolver diferentes dinámicas democráticas de inclusión, representación e participación na realización de proxectos de animación sociocumunitaria.	A5 A7 A10 A12 A20



Avaliar o sentido e funcionamento das dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa.	A5 A10 A12 A20	B1 B3	C1 C4 C6
Diferenciar os modelos educativos segundo o tipo de proceso comunicativo que se establece entre os educadores/as, educandos/as e contexto.	A5 A14 A17	B1 B4 B6	C1 C4 C6
Identificar e comprender a representación dos colectivos socialmente vulnerables que se manifesta mediante a construcción discursiva da realidade social e o uso da linguaxe.	A5 A8 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Empregar unha linguaxe inclusiva, representativa e non invisibilizadora dos colectivos socialmente vulnerables, ao expresarse tanto oralmente como por escrito.	A5 A7 A8 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6
Interpretar a participación social como unha parcela educable da persoa, comprendendo a importancia do asociacionismo e dos movementos sociais no desenvolvimento sociocomunitario e no fortalecemento da democracia como sistema político.	A5 A7 A8 A9 A10 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Realizar unha lectura e análise crítica do papel xogado polos medios de comunicación social, así como das súa influencia na sociedade actual dende o punto de vista educativo e de representación dos colectivos socialmente vulnerables.	A5 A8 A10 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Coñecer os procesos que vinculan a comunicación social coa educación (educomunicación), analizando o papel da educación social neste ámbito.	A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A17	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6



Comprender a relevancia da intelixencia emocional nos procesos socioeducativos, significando a educación emocional como un dos elemento clave no deseño e desenvolvemento de proxectos educativos.	A5 A7 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Comprender os procesos de liderado nos contextos sociais e educativos, así como os elementos implicados na comunicación persoal e os estilos comunicativos.	A5 A7 A8 A9 A11 A14 A17 A20	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Desenvolver habilidades comunicativas positivas, proactivas e respectuosas en relación ao uso da linguaxe verbal e non verbal na comunicación interpersoal e en grupo.	A5 A7 A12 A17 A20	B1 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6
Deseñar os procesos comunicativos internos e externos dunha organización social aplicando as posibilidades das TIC para tal fin.	A8 A9 A10 A17 A18	B1 B3 B4 B5	C1 C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación e a linguaxe	O proceso comunicativo dende a psicoloxía social A linguaxe: Concepto, elementos, clasificacións Usos da linguaxe: a construcción discursiva da realidade social e a exclusión discursiva A violencia simbólica A exclusión na linguaxe de colectivos non normativos: mulleres, persoas con diversidade funcional, persoas migrantes, persoas maiores, colectivo LGTBI, persoas desempregadas, persoas privadas de liberdade, comunidade xitana. A linguaxe inclusiva Habilidades comunicativas, estratexias de comunicación en público e implicacións da linguaxe verbal e non verbal
2. A comunicación na acción socioeducativa.	Modelos educativos e comunicativos Axentes e elementos na comunicación educativa A dimensión física da comunicación educativa: canle e contexto físico Os medios de comunicación social: lectura e análise crítica Propaganda, publicidade e estratexias de mercado A educación da comunicación: Educomunicación Estilos comunicativos: o educador/a como comunicador/a



3. As TIC e as redes	Introdución ao social media Tecnoloxía e Educación Social: Perspectivas teóricas da tecnoloxía, implicacións sociais do uso das TIC, big data, Gran Irmán, Uberización do emprego e a economía. O videoclip mainstream: análise e implicacións socioeducativas Recursos TIC para a aprendizaxe: A infografía como ferramenta comunicativa na rede O plan de comunicación nas organizacións: diagnóstico de necesidades, deseño e avaliación
4. Colaboración, relación e participación	A aprendizaxe cooperativa e colaborativa A relación do centro socioeducativo coa súa contorna A participación como parcela educable: asociacionismo e movementos sociais Os grupos e o seu funcionamento: dinámica e técnicas de grupo
5. A educación emocional na comunicación e o liderado educativo	As emocións e os sentimientos na educación: educación emocional A intelixencia emocional e social: concepto e condicionantes O humor: implicación para as organizacións O Liderado en educación

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A8 A11 A14 A17 B6 C1 C4 C6	16	16	32
Discusión dirixida	A5 A7 A8 A9 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	9	0	9
Traballos tutelados	A5 A7 A9 A10 A12 A14 A17 A18 A20 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	8	23	31
Portafolios do alumno	A5 A7 A8 A9 A10 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	3	42	45
Proba mixta	A5 A8 A10 A11 A14 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C6	2	18	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A8 A10 A14 A17 A20 B3 B5 C1	2	2	4
Presentación oral	A7 A10 A11 A12 A14 A17 A20 B1 B5 B6 C1 C4 C6	4	2	6
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	<p>Mediante a sesión maxistral desenvolveranse os contidos que conforman o marco teórico da materia empregando a exposición oral por parte da profesora e tamén do alumnado. Apoiarase dita exposición co uso de recursos audiovisuais de distinto tipo así como coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construcción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos bloques temáticos que conforman a guía docente da materia, indicando os aspectos sobre os que o alumnado pode afondar coas oportunas orientacións bibliográficas. Tamén se poden emplegar técnicas de aprendizaxe cooperativa mediante o uso de grupos informais co obxectivo de manter a atención do alumnado nestas sesións expositivas.</p> <p>Ao desenvolverse a materia na modalidade híbrida, estas sesións maxistrais poderán ser desenvolvidas a través da aplicación M. Teams</p>
Discusión dirixida	<p>Esta metodoxía está orientada a que o alumnado reflexione sobre a aplicación das distintas estratexias de colaboración, comunicación, xestión e difusión da información na dinamización cultural e no desenvolvemento da acción socioeducativa. Existirán polo tanto, debates, coloquios ou reflexións conxuntas en torno aos temas centrais da materia ao longo das sesións tanto expositivas como interactivas.</p>
Traballos tutelados	<p>Proporase a realización de traballos individuais ou en grupo durante as sesións interactivas. Estas actividades iniciaránse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán pola profesora. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia, como outros de carácter complementario que poderán ser facilitados pola profesora ou localizados de forma autónoma polo alumnado.</p> <p>Cada un dos traballos tutelados propostos na aula serán entregados na seguinte sesión interactiva (a semana seguinte) en formato papel ou mediante a Moodle da materia, sendo só posible entregar de forma tardía dous traballos para poder ser avaliado mediante a modalidade presencial. En caso de presentar os traballos fóra de prazo de forma reiterada (máis de dúas veces), o alumnado do grupo correspondente deberá ser avaliado/a mediante a modalidade non presencial.</p> <p>Ao desenvolverse a materia na modalidade híbrida, as indicacións para a realización destes traballos tutelados poderán ser desenvolvidas a través da aplicación M. Teams.</p>
Portafolios do alumno	<p>O alumnado deberá realizar en pequeno grupo un traballo final da materia podendo elixir entre dúas modalidades:</p> <p>Opción 1. Deseño do plan de comunicación dunha institución socioeducativa. Dita organización poderá ser elixida polo alumnado e o plan de comunicación deberá presentar un proceso previo de diagnóstico de necesidades , así como o deseño da acción e a avaliación da mesma.</p> <p>Opción 2. Construción do portafolios grupal da materia. Colección de traballos dos estudiantes acerca da materia ordenado a modo de diario de aula, existindo cando menos, unha entrada por cada sesión expositiva e outra por cada sesión interactiva. En cada entrada o alumnado deberá sintetizar o abordado na aula, realizar unha reflexión persoal acerca do mesmo e afondar sobre o tema empregando necesariamente bibliografía básica e complementaria da materia.</p>
Proba mixta	<p>A proba mixta será unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da cal, o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos e habilidades adquiridas, ao longo do desenvolvemento da materia. Esta proba estará composta por preguntas tipo test e/ou preguntas abertas, estando a súa orientación directamente relacionada coa materia e cos aspectos abordados nas sesións, tanto expositivas como interactivas, así como cos traballos realizados polo alumnado no contexto da mesma.</p>
Eventos científicos e/ou divulgativos	<p>No contexto da materia o alumnado participará en eventos de divulgación que terá que preparar previamente mediante a lectura e tratamiento de documentos relacionados. Posteriormente, debaterá sobre eles con profesionais ou académicos que serán invitados á aula para presentar e divulgar libros, experiencias ou accións de diversa índole. Esta actividade levarase a cabo en lingua galega e pretenderá ao mesmo tempo, favorecer o uso da mesma entre o alumnado da titulación. Os profesionais invitados/as falarán en galego. Esta acción forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social".</p>



Presentación oral	Empregarase esta metodoloxía á hora de presentar e compartir os traballos tutelados realizados polos grupos, co resto de compañeiros e compañeiras. Por outra banda, tamén se empregará esta metodoloxía tendo como obxecto construír unha visión crítica respecto das técnicas de dinamización de grupos, así como desenvolver de forma aplicada algunas destas técnicas para abordar os contidos co resto dos compañeiros/as de aula, logrando planificar este tipo de accións tomando en consideración as características do grupo, os obxectivos de aprendizaxe e a metodoloxía empregada, así como a planificación e avaliación do proceso.
-------------------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados Portafolios do alumno	<p>Para desenvolver a atención personalizada en relación aos traballos tutelados, a profesora realizará un seguimento do traballo en grupo do alumnado ao longo das sesión interactivas da materia. Implican unha participación obligatoria para o alumnado considerado asistente e nelas, a profesora dará orientacións e pautas para realizar os traballos tutelados, sendo o momento prioritario para solventar dúbidas, aclarar cuestión ou afondar sobre o contido e as accións a realizar en relación aos traballos tutelados.</p> <p>A atención personalizada a desenvolver respecto do portafolios do alumno/a traballo grupal, realizarase igualmente nas sesión interactivas da materia, reservando, de ser necesario, un tempo específico para o seguimento por parte da profesora, do progreso do alumnado nesta tarefa. A partir do mesmo, a profesora proporcionará orientacións ao alumnado para mellorar o seu traballo grupal, localizar información ou recursos de interese e organizar a estrutura do traballo.</p> <hr/> <p>O alumnado que conte co recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do 29/05./2012 e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb) do 28/09/2016, deberá realizar tódolos traballos tutelados de forma individual, así como o portafolios do alumno/a. A súa atención personalizada respecto de ambas metodoloxías, realizarase en función da súa dispoñibilidade e no horario de titorías da profesora.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A7 A9 A10 A12 A14 A17 A18 A20 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	<p>Este tipo de traballos, serán iniciados na aula polo alumnado e completados de forma autónoma de ser necesario. Será avaliado o seu contido tomando en consideración os criterios seguintes, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Estrutura: cuidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</li><li>- Grao de comprensión das ideas básicas da materia.</li><li>- Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia.</li><li>- Emprego de fontes bibliográficas variadas e corrección na citación das fontes.</li><li>- Capacidade de relación dos contidos entre sí e con outro material consultado.</li><li>- Coherencia entre os diferentes apartados.</li><li>- Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.</li></ul>	15



Proba mixta	A5 A8 A10 A11 A14 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C6	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamiento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia, polo que estará composta tanto por preguntas pechadas como abertas. Estas últimas serán de carácter breve e valorarase especialmente a capacidade tanto de concreción e síntese, como de relación cos contidos analizados tanto nas sesións expositivas como interactivas. Valorarase igualmente a organización da información, a coherencia e a comprensión dos contidos.	50
Portafolios do alumno	A5 A7 A8 A9 A10 A14 A17 A18 A20 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6	O portafolios do alumno/a ou plan de comunicación será avaliado en relación tanto ao contido do traballo como á súa exposición na aula. Nese senso, en relación ao contido do mesmo avaliarase, tomando en consideración entre outros criterios, os seguintes:  - Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical. - Grao de comprensión das ideas básicas da materia. - Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia. - Emprego de fontes bibliográficas variadas e corrección na citación das fontes. - Capacidade de relación dos contidos - Coherencia entre os diferentes apartados - Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.	25
Presentación oral	A7 A10 A11 A12 A14 A17 A20 B1 B5 B6 C1 C4 C6	Con respecto ás exposicións na aula por parte do alumnado, tomarase en consideración o seguinte á hora de avaliar:  ? Relevancia, pertinencia e organización coherente dos contidos expostos. ? Emprego de apoios audiovisuais ou outros recursos que faciliten o seguimento do discurso por parte da persoa oínte. ? Nivel de coordinación do grupo (nas exposicións grupais). ? Nivel de comprensión dos contidos básicos da materia e capacidade de expresión coherente dos mesmos. ? Claridade expositiva.	10

Observacións avaliación
-------------------------



Para

superar a materia será necesario acadar cando menos, 5 puntos sobre 10 en cada un dos elementos anteriores (media dos traballos tutelados; portafolios e proba mixta). En caso de non acadar dita puntuación en todas e cada unha das evidencias que se requiren, o alumnado non terá superada a materia.

Todos

aqueles traballos que se detecte que non son orixinais ou que están plaxiados de outros autores/as serán cualificados como non aptos, sendo a súa nota un 0. No caso de tratarse do traballo final da materia, esta situación virá aparellada coa nota de suspenso no devandito traballo, o que implicará que a materia non está superada. No caso dos traballos tutelados, se o alumnado realiza máis de dúas entregas con estas características terá tamén a nota de 0 nos traballos tutelados, polo que non estará en condicións de superar a materia.

O alumnado que conte co

recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a ?Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de grao na UDC (Artigos 3ºb e 4º.5) do 29/05./2012 e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario? (Artigos 3º e 8ºb) do 28/09/2016, poderá facer un seguimento non presencial da materia empregando a Moodle. Deberá realizar igualmente tódalas evidencias sinaladas

anteriormente (traballos tutelados; portafolios do alumno/a e proba mixta), mais de xeito individual. Deberá respectar igualmente as datas de entrega propostas para o alumnado asistente en cada un dos traballos tutelados a realizar, facendo así un seguimento continuo da materia. En caso contrario, os traballos figurarán como non presentados, sendo esta mesma a calificación a obtida na materia.

Manifestado isto, cabe mencionar que a avaliación contempla dúas opcións en función do nivel de asistencia:

Opción A. Dirixida a aquel alumnado que asiste/participa nas actividades de clase de forma ordinaria (asistencia mínima requirida do 80%):

- Elaboración dos traballos individuais ou en pequeno grupo: 15% da nota final
- Elaboración do portafolios/plan de comunicación: 25% da nota final
- Presentación oral dos traballos tutelados e do portafolios/plan de comunicación: 10% da nota final
- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final. Opción B. Dirixida a aquel alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase de forma ordinaria (asistencia inferior ao 80%): - Elaboración dos traballos individuais ou en pequeno grupo: 20% da nota final.
- Elaboración do traballo final: 30% da nota final.
- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Adams, B., Schellens, T. e Valcke. M. (2017). Fomentando la alfabetización ética de los adolescentes en publicidad en Educación Secundaria. <i>Comunicar Revista Científica de Educomunicación</i>, N°52, Vol. 25, 93-103</p> <p>Adell, J. (2018). Más allá del instrumentalismo en tecnología educativa. En J. Gimeno (Ed.) <i>Cambiar los contenidos, cambiar la educación</i>. Madrid: Morata.</p> <p>Auvergnon, P. (2016). Angustias de uberización y retos que plantea el trabajo digital al derecho laboral. <i>Revista Derecho Social y Empresa</i>, 6, diciembre, 1-18</p> <p>Ballenato, G. (2006). Teoría de la comunicación. En G. Ballenato. <i>Comunicación eficaz. Teoría y práctica de la comunicación humana (33-42)</i>. Madrid: Ed. Píramide.</p> <p>Barbas Coslado, A. (2012). <i>Educomunicación: desarrollo, enfoques y desafíos en un mundo interconectado</i>. Foro de Educación, N°14, 157-175.</p> <p>Barkley, E., Cross K. P. e Major, C.H.(2007). <i>Técnicas deaprendizaje colaborativo</i>. Madrid: Morata.</p> <p>Bolívar Botiá, A. (2003). <i>Educar para la ciudadanía: entre el mercado y la exclusión social</i>. <i>Quriculum: Revista de teoría,investigación y práctica educativa</i>, N°16, 9-34.</p> <p>Bourdieu, P. e Passeron, J.C. (1979). <i>La reproducción. Elementos para una teoría del sistema de enseñanza</i>. Barcelona: Editorial Laia</p> <p>Bourdieu, P. (1999). <i>Meditaciones Pascalianas</i>. Barcelona: Anagrama</p> <p>Bueno Abad, J.R. (2000). Concepto de representaciones sociales y exclusión. <i>Accionese Investigaciones Sociales</i>, N°11, 23-48.</p> <p>Castañeda, L. (2019). <i>Debates regarding Technology and Education: contemporary pathways and pending conversations</i>. RIED. <i>Revista Iberoamericana de Educación a Distancia</i>, 22(1), pp. 29-39.</p> <p>Díaz-Gibson, J., Civís Zaragoza, M., Carrillo Álvarez, E. e Cortada Pujol, M. (2015). <i>El liderazgo y la gobernanza colaborativa en proyectos educativos comunitarios</i>. <i>Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria</i>, N° 26, 59-83. Recuperado de: <a href="http://www.upo.es/revistas/index.php/pedagogia_social">http://www.upo.es/revistas/index.php/pedagogia_social</a></p> <p>Doherty-Sneddon, G. (2009). <i>El lenguaje no verbal de los niños</i>. Buenos Aires: Lumen.</p> <p>Enz, Angélica et al. (2012). <i>Manual de comunicación para organizaciones sociales: hacia una gestión estratégica y participativa</i>. Buenos Aires: Asociación Civil Comunia.</p> <p>Etkin, E. (2012). <i>Comunicación para organizaciones sociales: de la planificación a la acción</i>. Buenos Aires: La Crujía.</p> <p>Fernández Iglesias, J.L. (2006). <i>Guía de estilo sobre discapacidad para profesionales de los medios de comunicación</i>. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: Madrid.</p> <p>Fernández Solís, J.D. e García Cerrada, J. (2010). <i>El valor pedagógico del humor en la educación social</i>. Bilbao: Editorial Desclée de Brouwer.</p> <p>Fernández Torres, M.J. e Paniagua Rojano,F.J. (2012). <i>El poder de las redes sociales en la política y en los movimientos sociales</i>. En I Congreso Internacional e Comunicación Política y Estrategias de Campaña (ALICE). <i>Comunicación política 2.0 y liderazgo</i> . Madrid, 6 e 7 de xullo de 2012. Recuperado de <a href="http://www.alice-comunicacionpolitica.com/files/ponencias/240-F500009ce2401342179790-ponencia-1.pdf">http://www.alice-comunicacionpolitica.com/files/ponencias/240-F500009ce2401342179790-ponencia-1.pdf</a></p> <p>García-Ruiz, R., Gozález Pérez, V. e AguadedGómez, J.I. (2014). <i>La competencia mediática como reto para la educomunicación:instrumentos de evaluación</i>. Cuadernos.info, Nº 35, 15-27. doi: 10.7764/cdi.35.623</p> <p>García Uceda, M. (2001). <i>Las claves de la publicidad</i>. Madrid: ESIC.</p> <p>Goleman, D. (1995). <i>Inteligencia emocional</i>. Barcelona: Kairós.</p> <p>Herzog, B. (2011). <i>Exclusión discursiva:hacia un nuevo concepto de la exclusión social</i>. Revista Internacional de Sociología(RIS) ,Vol. 69, Nº3, 607-626.</p> <p>Illescas, J.E. (2014). <i>Industriasculturales y juventud en el sistema-mundo. El videoclip mainstreamcomo mercancía y como reproductor de ideología</i> [Tese de doutoramento inédita]. Alacant: Universitat d'Alacant</p> <p>Illescas, J.E. (2015). <i>La dictadura del videoclip. Industria musical y sueños prefabricados</i>. Barcelona: El Viejo Topo.</p> <p>James, J. (2010). <i>La biblia del lenguaje corporal</i>. Madrid: Paidós.</p> <p>Jáuregui, E. e Fernández, J. D. (2008). <i>Alta diversión. Los beneficios del humor en el trabajo</i>. Barcelona: Alienta.</p> <p>Jiménez Gómez, I. (2013). <i>La ilusión de la libertad de elección</i>. Coordinadora Estatal de Comercio Justo. <i>Actualidad del comercio justo enEspaña (28-37)</i>. Madrid: Coordinadora Estatal de Comercio Justo. Recuperado de:<a href="http://comerciojusto.org/publicacion/la-ilusion-de-la-libertad-de-eleccion/?lang=gl">http://comerciojusto.org/publicacion/la-ilusion-de-la-libertad-de-eleccion/?lang=gl</a></p> <p>Legaz, S. (20179. <i>Sal de la máquina. Cómo superar la adicción a las nuevas tecnologías y recuperar la libertad perdida</i>. Madrid: Libros en Acción</p> <p>Lull, J. (2008). <i>Los placeres activos de expresar y comunicar</i>. <i>Comunicar</i>, Nº 30, 21-26. (DOI: 10.3916/c30-2008-01-003).</p> <p>Merelas Iglesias, T. (2017). <i>Comezar desde cero. Voces de mujeres recuperando as súas vidas</i>. Ferrol (A Coruña): Edicións EmboraNavarro, V. (31 de decembro de 2015). <i>Ejemplos nefastos de la mal llamada economía cooperativa</i>. Diario Público. Recuperado de:<a href="http://blogs.publico.es/dominiopublico/15474/ejemplos-nefastos-de-la-mal-llamada-economia-cooperativa">http://blogs.publico.es/dominiopublico/15474/ejemplos-nefastos-de-la-mal-llamada-economia-cooperativa</a></p> <p>Oficina de Igualdad UNED (s.d.). <i>Guía de lenguaje no sexista</i>. Madrid: UNED.</p> <p>Patiño, A. (2007). <i>Extraños en las aulas</i>. En L. Martín y Mijares (Eds.). <i>Vocesdel aula. Etnografías de la escuela multilingüe (191-216)</i>. Madrid: CREADE . Recuperado de: <a href="http://www.documentacion.edex.es/docs/1308ESPvoc.pdf">http://www.documentacion.edex.es/docs/1308ESPvoc.pdf</a></p> <p>Pérez Cervera, M.J. (Coord.) (2011). <i>Manual para el uso no sexista del lenguaje</i>. Comisión Nacional para Prevenir y Erradicar la Violencia contra las Mujeres: México D.F.</p> <p>Pérez Serrano, G. (1993). <i>Elaboración de proyectos sociales. Casos prácticos</i>. Madrid: Narcea.</p>
---------------------	--



Pérez Serrano, G. e Pérez de Guzmán Puya, M.V. (2005). El Animador. Buenas prácticas de Acción Sociocultural. Madrid:Narcea. Pinker, S. (1995). El instinto del lenguaje: cómo crea el lenguaje la mente. Madrid: Alianza.Pinker, S. (2007). El Mundo de las palabras: una introducción a la naturaleza humana. Barcelona: Paidós.Puig Punyet.E. (2016). La gran adicción.Cómo sobrevivir sin internet y no aislar la mente. Barcelona: Arpa&Alfil Editores.Sarramona, J. (Ed.) (1988). Comunicación y educación. Barcelona: CEAC.Sendín Gutiérrez, C. e Izquierdo Iranzo, P.(2008). Guía práctica para los profesionales de los medios de comunicación: tratamiento mediático de la inmigración. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: Madrid. Sloep, P. e Berlanga Heerlen, A. (2011). Redes de aprendizaje, aprendizaje en red. Comunicar-Revista Científica de Educomunicación , Nº 37, V. XIX, 55-64.Trilla, J. (Coord.), Soler, P. y Limón, D.(2013). El liderazgo educativo en el ámbito sociocomunitario. En XXXII Seminario Interuniversitario de Teoría de la Educación. Santander, 10-12 de noviembre de 2013. Recuperado de <http://www.site.unican.es/Ponencia%204.pdf>Trillo Miravalles, M. P. (2012). Recursos Educativos en abierto: evolución y modelos. Foro de Educación, Nº14, 191-205.Ugarte, D. (2010). O poder das redes: manual ilustrado para persoas, colectivos e empresas abocadas ao ciberactivismo. Santiago de Compostela: 2.0 Editora. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de <http://lasindias.org/el-poder-de-las-redes/>Universidade de Vigo (2012). Guia de estilo APA para citar. Vigo: Biblioteca da Universidade de Vigo.Valderrama Hernández, R. (2012). Pedagogía social y territorio: participación para innovar en la práctica educativa [Tesis de doctorado]. Sevilla: Universidad de SevillaVVAA (2009). Manual de metodologías participativas. Madrid: CIMAS. Recuperado de [http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/09/manual\\_2010.pdf](http://www.redcimas.org/wordpress/wp-content/uploads/2012/09/manual_2010.pdf)Villalustre Martínez, L. & Del Moral Pérez, M. E. (2011). Webquest y wikis: búsqueda de información en red y desarrollo de competencias en colaboración. TESI, Teoría de la Educación y Cultura en la Sociedad de la Información, Nº 12, Vol. 1, 190-208.Vicente Mariño, M. (2009). La cobertura televisiva de la crisis del Prestige. Agendas, encuadres y discursos en los noticiarios españoles [Tesis de doctorado inédita]. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.Watzlawick, P., Beavin, J. H. e Jackson, D.D. (1985). Teoría de la comunicación humana. Barcelona: Herder.West, R. e Turner, L. H.(2005). Teoría de la comunicación. Análisis y aplicación. Madrid: McGRAW Hill.



Bibliografía complementaria	American Psychological Association. (2010). Manual de Publicaciones de la American Psychological Association (3 <sup>a</sup> ed. trad. da 6 <sup>a</sup> en inglés) (M. Guerra Frías, Trad.). México: Editorial El Manual Moderno. Berlo, D. K. (1980). El proceso de la comunicación. Introducción a la teoría y a la práctica. Buenos Aires: El Ateneo. Bonals, J. (2000). El trabajo en pequeños grupos en el aula. Barcelona: Graó. Carr, N. (2011). ¿Qué está haciendo Internet con nuestras mentes? Superficiales. Madrid: Taurus. Comas, D. (2010). Los presupuestos participativos y las políticas de juventud: un estudio de caso sobre la cultura de la participación social en España. Madrid: Injuve. Delfos, M. F. (2009). ¿Me estás escuchando? Cómo conversar con niños entre los 4 y los 12 años. Madrid: Pirámide. Erice, J. (2010). Convencer. Descubra los secretos de los grandes comunicadores. Madrid: &nbsp; ESIC. Espada, J. P. (2001). Técnicas de grupo. Madrid: CCS. Fabra, M <sup>a</sup> L. (1992). Técnicas de grupos para la cooperación. Barcelona: CEAC. Fernández, J. D. (2010). El valor pedagógico del humor en la educación social. Madrid: Desclée de Brouwe. Froufe, S. (1998). Técnicas de grupo en animación comunitaria. Salamanca: Amarú. Froufe, S. (2000). Análisis crítico de las actitudes bloqueadoras de la comunicación humana. Comunicar, 14, 97-102. Goleman, D. (2005). Inteligencia social: la nueva ciencia de las relaciones humanas. Barcelona: Kairós. Jáuregui, E. e Fernández, J. D. (2008). Alta diversión. Los beneficios del humor en el trabajo. Barcelona: Alienta. Latorre, X. (2001). El marketing aplicado a las ONGD: coherencias e incoherencias en relación con la educación para el desarrollo. Comunicar, 16, 113-119. Méndez García, C. (2013). Diseño e implementación de cursos abiertos masivos en línea (MOOC): expectativas y consideraciones prácticas. RED: Revista de Educación a Distancia, Nº39. Recuperado de: <a href="http://www.um.es/ead/red/39">http://www.um.es/ead/red/39</a> . Ortega Carrillo, J. A. e Ortega Maldonado, A. (2013). El perfil del Community manager en entornos educativos. Revista Creatividad y Sociedad, Nº 21. Palleres, M. (1993). Técnicas de grupo para educadores. Madrid: ICCE. Pérez Serrano, G. (2003). Pedagogía Social- Educación Social. Construcción científica e intervención práctica. Madrid: NarceaPintado Blanco, T. e Sánchez Herrera, J. (Coords.) (2012). Nuevas tendencias en comunicación. Madrid: ESIC. Rodríguez Fernández, M.A. (2014). Educación y participación ciudadana en la democratización de la Administración Local: realidades y perspectivas de futuro en Galicia [Tesis de doutoramento inédita]. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela. Rodríguez Fernández, M.A., Rego-Agraso, L. e Masmann, M. (2017). La Formación profesional ante los derechos humanos: cualificaciones asociadas a la Educación Social en España y Alemania. Revista interuniversitaria de formación del profesorado, Nº 89, (Ejemplar dedicado a: Profesores y educadores en el quehacer común de la educación), 61-74. Túñez, M. (2012). La gestión de la comunicación en las organizaciones. Sevilla: Comunicación Social. Universidad de Alcalá (2012). Plan estratégico de comunicación 2012. Alcalá: Universidad de Alcalá. Universidad de Alcalá (s.d.). Plan de Medios Sociales Biblioteca Universidad de Alcalá. Alcalá: Biblioteca Universidad de Alcalá. Vidalot Presas, M <sup>a</sup> A. (2012). Comunicación y grupos sociales. Barcelona: UOC.
-----------------------------	--

**Recomendación****Materias que se recomienda cursar previamente****Materias que se recomienda cursar simultáneamente****Materias que continúan o temario****Observaciones**



## Recoméndase realizar

un seguimento continuado da materia, estando ao día nas entregas dos traballos tutelados, así como organizando o portafolios do alumno/a ou plan de comunicación dende as primeiras sesións de trabalho na aula.De igual modo, recoméndase fazer uso do horario de tutorías da profesora, ben individualmente, ben en pequeno grupo, facilitando así a comprensión dos contidos, a organización do trabalho autónomo e a resolución de dúbihdas ou cuestiós que o alumnado formule.Consultar concienzudamente o material obligatorio, así como aquelloutro complementario que a profesora poñerá a disposición do alumnado na Moodle da materia, facendo o alumno/a a súa propia organización do mesmo, así como unha lectura comprensiva. O material complementario está especificamente pensado para apoiar ao alumnado na realización dos traballos tutelados que se proporán e tamén orientados ao desenvolvemento do portafolios ou plan de comunicación, polo que se recomenda a súa consulta e citación nestes traballos.De igual modo, recoméndase encarecidamente que os traballos que realice e entregue o alumnado sexan orixinais, evitando sempre o plaxio e limitando a extracción de ideas alleas sen a debida análise previa. O alumnado debe xestionar adecuadamente as referencias bibliográficas e as fontes de información que empregue para construir os traballos propostos, polo que se anima a este a consultar os manuais de citación APA ou a solucionar coa profesora dúbihdas neste senso.

## Para preparar a proba mixta

recoméndase ao alumnado, levar un seguimento continuado da materia, estruturando os contidos en mapas conceptuais e sintetizando aquela información más relevante extraída dos materiais de referencia da mesma que estarán á súa disposición na Moodle. Igualmente, aconséllase comprender en profundidade os contidos, máis alá de memorizalos de forma literal, ser quen de expícalos e de relationalos entre si e/ou con outros contidos da propia titulación.Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, non empregar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e prever impactos negativos sobre o medio natural, así como ter en conta tamén a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sutentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.Recoméndase ao alumnado empregar unha linguaaxe inclusiva en tódolos traballos entregados, facendo un tratamento carente de exclusiós discursivas e realizando unha construcción discursiva da realidade social, integradora e incluínte.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías